

# Tailandia

## Guía práctica

Tailandia, antigo reino de Siam, está situada no continente asiático, entre Birmania, Laos, Camboxa e Malaisia. Cunha superficie de 513 521 km<sup>2</sup>, esténdese de norte a sur ao longo de 1 650 km e a súa máxima anchura é de 800 km.

### ADUANA

Está prohibida a exportación de obras de arte e antigüidades, se non van acompañadas dunha licenza de exportación expedida polas autoridades do país. Esta normativa tamén se aplica para as imaxes de Buda ou calquera outra divindade, con excepción das pequenas para levar colgadas nunha cadea arredor do pescozo.

### DOCUMENTACIÓN

É indispensable pasaporte cunha validez mínima de seis meses. Precísase visado de entrada para estadías superiores a 30 días.

### CLIMA

Existe un clima tropical na sabana (desde o Golfo de Tailandia ata o norte) e outro tropical de monzón (no sur). A temperatura media diurna aproximada en Bangkok oscila entre os 28°C e os 34°C e en Phuket vai dos 27°C aos 30°C. No norte, a media diurna é de 23-28°C e a nocturna de 11-16°C.

### HORA

De abril a outubro hai cinco horas máis ca na España peninsular; o resto do ano a diferenza é de seis horas.

### LINGUA

A lingua é o tailandés. O inglés emprégase como idioma comercial.

### MOEDA

A moeda oficial é o bath tailandés. Debido á flutuación nos cambios da divisa, recoméndase dispoñer de euros en efectivo, xa que é a moeda que máis facilmente se pode cambiar. O emprego de tarxetas de crédito está amplamente difundido.

### ELECTRICIDADE

A electricidade é de 220 voltios. En xeral os enchufes son redondos, modelo europeo, aínda que algúns poden ser planos, polo que resulta aconsellable levar adaptadores.

#### SANIDADE

A auga da billa de Bangkok está considerada apta para o consumo, pero, para estar completamente protexidos, é preferible bebela embotellada. Non existen vacinas obrigatorias para viaxar a este país.

#### FUMAR

Está prohibido fumar en todos os lugares públicos, medios de transporte etc., agás nas zonas especialmente habilitadas para tal fin.

Así mesmo, non se permite tirar cabichas nin outro tipo de lixo ao chan en ningunha cidade do país; a infracción desta norma conleva multas de considerable contía.

#### INDUMENTARIA

Recoméndase levar roupa lixeira, lavable e de fibras naturais e algunha peza de abrigo lixeira se o seu itinerario inclúe o norte do país. En canto ao calzado, resultan de utilidade sandalias e chancletas, que se poden sacar con facilidade para entrar nos templos. Gafas de sol, cremas de alta protección solar e sombreiro serán necesarios para as estadias nas zonas de praia.

#### PROTECCIÓN

As persoas non acostumadas a tomar o intenso sol tropical deben ter precaución e utilizar cremas cun alto índice de protección solar. En determinadas épocas do ano, pode darse unha forte resaca nas praias das illas, especialmente en Phuket, polo que é imprescindible seguir as indicacións en canto a seguridade, aínda tendo moita experiencia en natación.

#### GASTRONOMÍA

Os pratos tailandeses poden ser fortes e especiados, xa que se emprega moito allo e pemento picante como aliño. Case toda a comida se elabora con ingredientes frescos como verduras, aves, carne de porco e tenreira; tamén se lles engade moito zume de lima, limón e coriandro. O arroz, que posúe múltiples variedades, acompaña a maioría das comidas. Resultan excelentes os pescados e mariscos, así como as froitas (rambután, piña, durian etc.). No tocante ás bebidas, cómpre salientar a cervexa local, unha das máis destacadas de Asia, e o whisky de arroz. Existe unha ampla gama de restaurantes, de gastronomía local e europea, na maioría das grandes cidades e centros de turismo do litoral.

## **Programa de viaxe de 10 días a Tailandia**

### **Día 1º: España/Bangkok**

Presentación no aeroporto dúas horas antes da saída do voo con destino a Bangkok. Noite a bordo.

### **Día 2º: Bangkok**

Chegada a Bangkok e traslado ao hotel. Tarde para descansar ou dar un paseo. Cea-cruceiro polo río Chao Phraya.

### **Día 3º: Bangkok**

Visita panorámica de Bangkok, a capital de Tailandia, que posúe unha curiosa mestura de estilos, con edificios con rañaceos futuristas ao lado da exquisita beleza do Gran Palacio. Coñécese como a "Venecia do leste" porque noutrora todo o transporte se efectuaba en barco. É unha das cidades máis fermosas de todo Asia, na que se poderá visitar o Gran Palacio, o Templo do Buda de Ouro, o Templo do Buda Reclinado ou o Templo de Mármore. Suxestión para xantar: o restaurante do edificio Baiyoke Sky, que está situado na planta número 74; desde alí poderase contemplar toda a cidade.

### **Día 4º: Bangkok**

Excursión ao Mercado Flotante e á ponte do río Kwai: desprazamento por estrada cara ao mercado; á chegada, percorrido a través das canles do río para gozar dunha marabillosa paisaxe típica de Tailandia. Logo pódese continuar cara a Kanchanaburi para visitar o cemiterio dos soldados da II Guerra mundial, o museo Jeath e a famosa ponte sobre o río Kwai, coñecida pola película do mesmo nome.

### **Día 5º: Bangkok/Ayuthaya/Lopburi/Phitsanuloke**

Saída para Ayuthaya, declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO. Nela pódense admirar os templos Wat Prasisanpet, Wat Mongkolbopit e Wat Chai Waranaram. Despois trasladaranse a Lopburi para ver o templo dos monos de estilo camboxano. Deseguido proseguirase cara a Phitsanuloke, onde se pode visitar o templo Sri-Mahatat xunto á ponte do río Nan; aquí está a imaxe de Buda considerada a máis fermosa de Tailandia.

### **Día 6º: Phitsanuloke/Sukhothai/Lampang/Payao/Chiang Rai**

Desprazamento ata Sukhothai para observar as ruínas arqueolóxicas da primeira capital do reino de Siam. O reino de Sukhotai está considerado como a idade de ouro da civilización tailandesa; a arte relixiosa e mais a arquitectura da época son as máis clásicas dos estilos tailandeses. A capital orixinal estaba rodeada por tres fortificacións concéntricas e dous foxos con

catro portas. Aquí recoméndase visitar o templo Mahatat (o templo real) e Wat Sri Chum, onde se encontra a imaxe de Buda máis grande de Sukhotai, con 15 m de altura.

A viaxe prosegue con destino a Lampang e despois poderase realizar unha parada nunha plantación de piñas, coa opción de degustalas. Retómase o itinerario en dirección ao lago Payao, onde se gozará dunha fermosa paisaxe. Finalmente, o día rematará en Chiang Rai.

### **Día 7º: Chiang Rai**

Partida para Doi Mae Salong, situada na montaña, a 1000 m de altitude. Aquí pódense coñecer os modos de vida das tribos Akha. Tamén existe a posibilidade de ir ao mercado dos chineses, onde se acharán produtos naturais como cogomelos, té verde, especias... ou a unha plantación de té. Deseguido, aconséllase ir ao Triángulo de Ouro, zona na que conflúen tres países (Myanmar, Laos e Tailandia), divididos polo río Mekong, que antigamente foi un importante centro de tráfico de opio. Pódese visitar tamén o Museo do Opio e logo efectuar un paseo en lancha polo Mekong, adentrándose en augas de Myanmar e Laos.

### **Día 8º: Chiang Rai/Chiang Mai**

Sáida para Chiang Mai, a Rosa do Norte, a cidade máis importante desta rexión. As súas orixes remóntanse ao reino Lanna, no século XIII; a cidade antiga está rodeada dun foxo e amurallada. Convén percorrer o templo Doi Suthep, símbolo da cidade, a 1 053 m de altura e importante centro de peregrinación. Pola tarde pódese pasear polo centro de artesanía de Chiang Mai, onde se manufacturan xoias e pedras preciosas, seda, parasoles, pezas de madeira, mobles de teca... Pola noite existe a posibilidade de asistir a unha cea kantoke con danzas típicas.

### **Día 9º: Chiang Mai**

Proponse unha visita ao campamento de elefantes Mae Sa, o máis grande e importante de Chiang Mai, con máis de 75 exemplares. Aquí gozarán dun espectáculo inesquecible, vendo as increíbles habilidades destes animais: pintan, xogan ao fútbol, tocan a harmónica ou transportan materiais pesados. Despois poderase realizar un paseo pola xungla en elefante (1 hora de percorrido con dúas persoas por animal). Seguidamente visitarase unha granxa de orquídeas, a flor típica de Tailandia. A tarde pódese empregar para pasear e despedirse desta fermosa cidade.

### **Día 10º: Chiang Mai/Bangkok/España**

Tempo para pasear ou descansar ata a hora do traslado ao aeroporto. Saída en avión con destino a España.